




Área / Unidad EDUCACION ED0000 S.V.B	Documento 23612I01QZ	
Código de verificación  3273 1662 3C1J 384G 0XMD	Expediente 236/2018/222	
	Fecha 08-10-2018	

**Asunto: Bases do Programa Educativo Municipal A Coruña no Mundo: Bolsas de Estudos Junior Year 2019-2020. 1º de Bacharelato en EE.UU.**

**OBJECTO**

1. O Concello da Coruña, por medio da Concellaría de Xustiza Social e Coidados, convoca o programa "A CORUÑA NO MUNDO: BOLSAS DE ESTUDOS JUNIOR YEAR 2019-2020 - 1º DE BACHARELATO EN EE.UU.", no que se ofrece a oportunidade ao alumnado de 4º da ESO residente na cidade da Coruña de cursar o Grao 11 en EE.UU. —equivalente a 1º de Bacharelato— así como de adquirir un dominio avanzado da lingua inglesa e un coñecemento real doutra cultura. Asemade, constitúe o obxecto do programa a educación das persoas participantes no respecto á diversidade cultural, racial, sexual.e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

**DESCRIPCIÓN**

2. A estadía en EE.UU. comeza en agosto de 2019 e finaliza en xuño de 2020, incluídas as vacacións escolares de nadal e semana santa. As datas de saída e regreso varían en función do estado de destino
3. O programa oferta 60 bolsas.
4. A xestión dos servizos que compoñen este programa realízalos de forma indirecta o Concello, mediante contrato de prestación de servizos coa empresa xestora do contrato.
5. O programa inclúe os seguintes servizos:
  - a) Viaxe e desprazamentos de ida e volta dende A Coruña até a poboación de destino en EE.UU. para cada participante.
  - b) Estadía en EE.UU. durante o período correspondente a un curso académico neste país, vivindo cunha familia estadounidense que participa voluntariamente no programa.
  - c) Escolarización nun centro educativo público norteamericano (*High School*), en réxime de libre elección das materias ofertadas que mellor se correspondan co nivel de 1º de Bacharelato do sistema educativo español, dentro do marco normativo establecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a validación destes estudos.
  - d) Seguimento e control, por persoal especializado, da vida da/o alumno/a na familia de acollida, do seu comportamento e rendemento académico no centro, así como da súa vida social.
  - e) Organización, como mínimo, dunha xornada de preparación específica para todo o alumnado participante no programa.
  - f) Tramitación e obtención do visado de entrada en EE.UU. na súa embaixada en Madrid, incluíndo a viaxe e estadía precisas para tal fin.
  - g) Validacións dos estudos realizados polo alumnado nos EE.UU. diante da Administración Educativa.



- h) Certificado oficial acreditativo do nivel acadado consonte o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL).
- i) Asistencia sanitaria e seguro de responsabilidade civil.
- j) Realización dun curso intensivo de inglés durante o mes de xullo, cunha duración de 50 horas, que se centrará en situacións cotiás relacionadas coa viaxe e a estadía en EE.UU.
- k) “Diñeiro de peto” por un importe de até 100,00€ mensuais durante os meses de estadía en EE.UU.
- l) Servizo de acompañamento nos vos de ida e volta. Este servizo, voluntario para as familias, está condicionado pola compañía aérea contratada entre os aeroportos de saída e destino.

**6.** O alumnado seleccionado poderá ser beneficiario dunha bolsa total ou parcial en función das circunstancias económicas familiares.

**7.** Bolsa total. Serán beneficiarias de bolsa total as persoas seleccionadas que non superen os 9000,00 € anuais de renda per cápita. O cálculo da renda efectuarase consonte se establece nas presentes bases.

**8.** Bolsa parcial. O Concello asumirá un máximo do 95% e un mínimo do 5% do custo total das prazas do alumnado seleccionado que supere os 9000,00 € anuais per cápita. As familias do alumnado beneficiario de bolsa parcial asumirán un mínimo do 5% e un máximo dun 95% do prezo da praza. As porcentaxes que corresponde aboar ás familias variarán en función da renda per cápita e son as que se indican no seguinte cadro:

Renda per cápita anual	Achega das familias
9 000,01 € – 10 000,00 €	5 %
10 000,01 € – 11 000,00 €	10 %
11 000,01 € – 12 000,00 €	20 %
12 000,01 € – 13 000,00 €	30 %
13 000,01 € – 14 000,00 €	40 %
14 000,01 € – 15 000,00 €	50 %
15 000,01 € – 16 000,00 €	60 %
16 000,01 € – 17 000,00 €	70 %
17 000,01 € – 18 000,00 €	80 %
18 000,01 € – 19 000,00 €	90 %
> 19 000,00 €	95 %

**9.** O alumnado seleccionado está obrigado a participar en cantas viaxes e reunións sexan convocadas, así como a facer efectivo, no seu caso, a porcentaxe que lle corresponda do custo da súa participación no programa nos prazos establecidos polo Servizo Municipal de Educación (en adiante, SME), que serán publicados na web educativa municipal ([www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion)). O

incumplimento destas obrigas implicará a exclusión do programa logo de resolución motivada do órgano competente.

**10.** O alumnado seleccionado que desexe causar baixa no programa deberá presentar no prazo que indique o SME un escrito de renuncia dirixido ao mesmo. A devolución da cota, no seu caso, realizarase unicamente cando existan razóns xustificadas e sobrevidas (enfermidade, accidente...) posteriores ao abono. En ningún caso se considerará causa xustificada a obtención dunha bolsa de estudos ofertada por outra Administración ou entidade. No caso de renuncia non xustificada, que se presente en data na que non sexa posíbel cubrir a baixa cunha persoa en listaxe de agarda, poderá dar lugar á esixencia de reintegro dos gastos xerados até ese momento.

**11.** O alumnado afectado por algunha discapacidade poderá participar no programa cando sexa posible atopar un fogar de acollida e un centro educativo axeitados ás súas necesidades específicas.

**12.** A entidade estadounidense responsable da xestión do programa por delegación do seu Goberno Federal pode ordenar a baixa dos participantes por incumplimento das obrigas asumidas ao participar no programa.

**13.** Así mesmo, o Concello poderá acordar a baixa por incumplimento das obrigas establecidas nestas bases, entre elas:

- a) O non pagamento do custo fixado nos prazos establecidos polo SME.
- b) As faltas de asistencia inxustificadas ao curso intensivo de inglés no mes de xullo por riba do máximo permitido. A xustificación das faltas deberá ser aceptada polo SME.
- c) A falsidade da documentación ou condicións requiridas para a concesión da participación no programa ou a ocultación daquelas que tivesen impedido esta concesión, sen prexuízo das responsabilidades legais nas que se puideran incurrir.
- d) A incompatibilidade ou inadaptación para permanecer no programa.
- e) A falta de comunicación de calquera circunstancia que perturbe a estancia do alumnado nos EE.UU.
- f) A falta de asistencia ás actividades escolares obrigatorias no centro norteamericano.
- g) Todas as obrigas establecidas no programa do Goberno Federal dos EE.UU. en relación á incorporación de alumnado estranxeiro nos centros educativos do país.
- h) A aceptación por parte do SME da proposta razoada de baixa cursada pola contratista do Concello que presta o servizo de xestión do programa.

**14.** As baixas no programa acordaranse por resolución do órgano municipal competente e notificaranse á persoa interesada de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e poderán incluír a obriga de reintegro dos gastos ocasionados no programa pola persoa participante.

**15.** No caso de que a persoa participante decidise pola súa libre iniciativa abandonar o programa antes da súa finalización, o custe íntegro da viaxe de regreso será responsabilidade da súa familia. Porén, a contratista deberá prestarlle o apoio necesario para garantir a súa seguridade durante esta viaxe.

**16.** A selección do alumnado participante por parte do Concello realizarase en réxime de concorrencia competitiva. Esta selección realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade e non discriminación aplicando os criterios de valoración fixados nestas bases.

17. O procedemento para a selección do alumnado iniciarase de oficio, mediante a correspondente convocatoria aprobada polo órgano competente do Concello que se publicará na páxina web municipal ([www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion)). A través da citada páxina o SME realizará as comunicacións aos participantes, sendo responsabilidade destes a consulta da mesma para obter a información relativa a listados, prazos, convocatorias de xuntanzas e outras cuestións relacionadas co programa.

## REQUISITOS

18. Constar empadroado no Concello da Coruña e residir na cidade xunto co seu pai e/ou nai ou representante legal (para estes efectos, refírese exclusivamente aos supostos en que a representación legal do menor non sexa ostentada polos pais), dende o 1 de setembro de 2018. Tamén serán aceptados empadroamentos posteriores a esa data e anteriores ao final do prazo de presentación de solicitudes nos casos en que se acredite traslado de domicilio e centro educativo motivado por cambio de localidade de residencia ao Concello da Coruña.

A persoa solicitante deberá autorizar ao Concello da Coruña, marcando a casa que aparece na ficha de solicitude, para que consulte os datos do padrón municipal e comprobar que consta empadroada na cidade. O Concello poderá aceptar outros medios de proba admitidos en dereito para acreditar a residencia na cidade.

19. Estar matriculada/o e cursando 4º de ESO.

20. Obter en 3º da ESO unha cualificación media de 6,5 puntos ou máis e non ter ningunha materia suspensa.

21. Obter en 3º da ESO unha cualificación de 7 puntos ou máis na materia de lingua estranxeira (inglés).

## BAREMACIÓN

22. Características persoais do/a estudante para vivir durante un curso académico cunha familia diferente á propia no contexto social e académico da cultura norteamericana. Este criterio será valorado coa información que achegue o documento que figura como anexo I, que será cuberto polo centro educativo no que a persoa solicitante cursou 3º da ESO. Este requisito será valorado cun máximo de 5 puntos. De non se acadar unha cualificación media de 3 puntos non se continuará no proceso.

23. Cualificación media obtida en 3º da ESO, até un máximo de 5 puntos. Estes puntos asignaranse do seguinte xeito:

Nota media	Puntuación
10	5,00
De 9,50 a 9,99	4,50
De 9,00 a 9,49	4,00
De 8,50 a 8,99	3,00
De 8,00 a 8,49	2,00
De 7,50 a 7,99	1,00
De 7,00 a 7,49	0,50

**24.** Cualificación final da materia de lingua estranxeira (inglés) en 3º da ESO, até un máximo de 3 puntos. Estes puntos asignaranse do seguinte xeito:

Nota media	Puntuación
10,00	3,00
9,00	2,00
8,00	1,00

**25.** Ingresos económicos familiares até un máximo de 10 puntos. A puntuación correspondente asignarase do seguinte xeito:

Renda per cápita anual	Puntuación	Renda per cápita anual	Puntuación
< 2 000,00 €	10,00	5 500,01 € - 6 000,00 €	6,00
2 000,01 € - 2 500,00 €	9,50	6 000,01 € - 6 500,00 €	5,50
2 500,01 € - 3 000,00 €	9,00	6 500,01 € - 7 000,00 €	5,00
3 000,01 € - 3 500,00 €	8,50	7 000,01 € - 8 000,00 €	4,00
3 500,01 € - 4 000,00 €	8,00	8 000,01 € - 9 000,00 €	3,00
4 000,01 € - 4 500,00 €	7,50	9 000,01 € - 11 000,00 €	2,00
4 500,01 € - 5 000,00 €	7,00	11 000,01 € - 15 000,00 €	1,00
5 000,01 € - 5 500,00 €	6,50	>15 000,00 €	0,00

Cálculo da renda.

1. A renda familiar para os efectos de bolsa ou axuda obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computábeis da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos apartados seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF). Computarase o exercicio 2017.

2. Para a determinación da renda dos membros computábeis que presentasen declaración polo IRPF, procederase do modo seguinte:

a) Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluindo todos os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais de 2013 a 2016 e o saldo neto negativo de rendementos do capital mobiliario de 2013 a 2016 a integrar na base imponible do aforro.

b) Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

3. Para a determinación da renda dos demais membros computábeis que obteñan ingresos propios e non presentasen declaración de IRPF seguirase o procedemento descrito na letra a) anterior e do resultado obtido restaranse os pagamentos a conta efectuados.

4. No caso de se ter establecida pensión de alimentos en favor de fillos integrantes da unidade familiar, a contía efectivamente percibida da mesma no ano 2017 incluírase no cómputo na renda familiar. Para o cálculo terase en conta o incremento do IPC a partir do ano seguinte á data da sentenza, agás que na mesma apareza outro mecanismo de actualización.

5. A renda familiar determinada segundo os números anteriores dividirse entre o número de integrantes da unidade familiar. No caso de que exista discrepancia entre a documentación da que se dispoña para a determinación do número de integrantes da unidade familiar o SME poderá solicitar, se o considera oportuno as aclaracións ou documentación adicional e establecerá o número de membros que corresponda asignar.

6. A falta ou defecto de acreditamento das circunstancias económicas familiares non implicará a exclusión do proceso, pero se asignarán 0 puntos neste apartado.

7. Con carácter excepcional poderán tomarse en consideración circunstancias sobrevidas (posteriores ao 2017) que teñan unha incidencia significativa na situación económica familiar.

**26.** Discapacidade do participante, pai, nai ou irmán/á ou calquera outro membro que integre a unidade familiar, igual ou superior ao 33%:

Discapacidade	Puntuación
Participante	2,00
Outro membro	1,00

**27.** Serán seleccionadas/os os/as participantes que obteñan maior puntuación coa suma das obtidas nos distintos apartados do baremo.

**28.** Unicamente se valorarán por parte da comisión documentos oficiais das entidades públicas e privadas correspondentes, asinados polas persoas responsábeis das certificacións que se esixen e, no seu caso, as declaracións responsábeis que se soliciten. Poderase requirir ás persoas participantes para que acheguen documentación adicional co obxecto de acreditar os méritos ou o cumprimento dos requisitos previstos nesta convocatoria.

## INSCRICIÓN

**29.** O prazo de apertura da ficha e presentación da documentación é do 29 de novembro de 2018 ao 14 de decembro de 2018 ás 14.00 h. Poderá acordarse a ampliación do prazo para a presentación de solicitudes antes de que este finalice.

**30.** O alumnado que queira participar no programa deberá inscribirse en liña na web municipal [www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion) a través da ficha específica “bolsas junior year 2019-20”. Unha vez feita a inscrición o sistema elabora un xustificante de confirmación que envía ao correo, facilitado ao facer a solicitude, que se debe de imprimir. Este xustificante ten un número de asignación que será o de referencia de cada expediente no proceso.

A documentación do expediente e a ficha de solicitude, asinada polo/a participante e a persoa ou persoas que teñen a patria potestade ou tutela sobre o/a participante, deberá presentarse nos rexistros municipais.

## DOCUMENTACIÓN

**31.** A documentación que se relaciona a continuación ten que presentarse por rexistro acompañada dunha instancia na que se solicite a participación no programa municipal.

- a) Copia do resgardo da ficha de solicitude que se cubriu en liña (trátase do documento en PDF enviado ao correo electrónico unha vez feita a inscrición). Importante: debe

de estar asinado polo/a participante e a persoa ou persoas que teñan a patria potestade ou tutela sobre o/a participante.

- b) Fotocopia do DOI (carné de identidade, pasaporte...) do solicitante e dos pais ou representantes legais.
- c) Certificado das cualificacións correspondentes a 3º da ESO do curso académico 2017-18.
- d) Certificado de matrícula do curso 2018-19 onde conste nome da persoa solicitante, datos do centro e curso no que estea matriculado.
- e) Anexo I cuberto polo centro educativo segundo as indicacións e coas sinaturas e selo correspondentes.
- f) Se for o caso, certificado expedido pola Xunta de Galicia ou organismo oficial competente na materia, acreditativo do grao de minusvalía do alumno/a e/ou doutro integrante da unidade familiar.
- g) No caso de non se autorizar na solicitude a consulta de datos tributarios e nos casos en que se tivera presentada máis dunha declaración no exercicio, terase que achegar as certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (en adiantes AEAT) das declaracións de IRPF individuais de ambos proxenitores ou conxunta, correspondentes ao exercicio 2017, emitidas e datadas no mes de outubro, ou posterior, de 2018. As persoas que forman parte de unidades familiares non obrigadas a declarar ou das que as administracións tributarias non dispoñen de datos, deberán entregar unha certificación expedida pola AEAT acreditativa desta situación.
- h) No suposto de familias monoparentais, achegarase a certificación de quen teña atribuída legalmente a garda e custodia da persoa participante. Para estes efectos considérase “familia monoparental” a formada por nai ou pai solteira/o, ou por nai ou pai en situación de separación legal, divorcio, nulidade ou viuvez. Non se considerará familia monoparental aquela na que se teña acordada custodia compartida.

A condición de familia monoparental acreditarase mediante fotocopia do libro de familia e / ou resolución xudicial de separación, divorcio, nulidade ou adopción de medidas paterno-filiais, onde figure a contía da pensión de alimentos establecida en favor dos menores integrantes da unidade familiar.

- i) Cando se teña acordada pensión de alimentos, ou exista dereito a ela, deberá achegarse, xunto coa resolución xudicial máis recente que a estableza, unha declaración responsábel (anexo II) do/a proxenitor/a custodio/a indicando a contía percibida por tal concepto no ano 2017.

No caso de que exista incumprimento total ou parcial do abono da pensión deberá xuntarse copia da admisión a trámite da demanda de execución ou da denuncia presentada.

Nos casos en que, existindo dereito a solicitar pensión de alimentos, non se acredite a súa solicitude ou a contía da mesma, non se obterán puntos no apartado de ingresos económicos familiares.

**32.** O Concello reservase o dereito a realizar as comprobacións oportunas sobre a documentación presentada, quedando obrigada a persoa interesada a facilitar tanta información e documentación lle sexa requirida polo SME para acreditar a veracidade dos datos alegados. Será causa de exclusión do procedemento non acreditar oportunamente o cumprimento dos requisitos que permiten a participación no mesmo. A falta de acreditamento das circunstancias que permitan determinar a renda per cápita que corresponda motivará a non asignación de puntuación no apartado de ingresos económicos.

## COMISIÓN DE VALORACIÓN

**33.** A comisión de valoración estará presidida pola concelleira de Xustiza Social e Coidados e composta polos seguintes vogais: a Xefatura de Servizo de Educación, a Xefatura de Departamento do SME. Exercerá como secretario/a un/ha funcionaria/o do SME que designe a concelleira, que actuará con voz e sen voto.

**34.** A comisión de valoración dirimirá os posíbeis empates, aplicando os seguintes criterios, pola orde na que figuran.

- a) Menor renda per cápita familiar
- b) Cualificación media en 3º da ESO
- c) Cualificación final de inglés en 3º da ESO.
- d) Situación de discapacidade.
- e) Maior puntuación no criterio das características persoais (anexo I).

**35.** As listaxes e comunicacións relativas a este programa realizaranse a través da páxina web [www.edu.coruna.gal/educacion](http://www.edu.coruna.gal/educacion).

**36.** Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase un listado cos números de asignación correspondentes ás peticións recibidas.

**37.** Tras a baremación das solicitudes, publicarase a listaxe provisional de persoas admitidas e non admitidas. Ao respecto destas últimas indicarase de xeito sucinto a causa de exclusión.

**38.** Fronte ás listas provisionais abrírase un prazo de 10 días, para que, no caso de corresponder, se poidan emendar as falta ou achegar os documentos preceptivos. De non facelo así teráselle por desistido da súa petición. Tamén se poderán realizar alegacións ao respecto das puntuacións asignadas, sobre a base da documentación que obre no expediente. Durante este prazo só se aceptarán documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos esixidos para participar nesta convocatoria.

**39.** A comisión de valoración examinará as alegacións presentadas e emitirá informe motivado.

**40.** A proposta de resolución definitiva recollerá, se procede, as alegacións presentadas. Non se realizarán comunicacións individuais fronte ás mesmas. A proposta emitirase pola Xefatura de Servizo de Educación e incluírá as seguintes relacións definitivas:

- a) Alumnado seleccionado (tantos como prazas se oferten no programa), sinalando aos/ás que se lles concedese unha bolsa total e a porcentaxe do custe da praza que lles corresponda aboar ás/aos restantes seleccionadas/os.
- b) Alumnado que, cumprindo os requisitos, non acada o número de orde que lles permita participar no programa por exceder do número de prazas. Este alumnado constituirá a listaxe de agarda.
- c) Alumnado que non cumpre os requisitos para participar no programa, con expresión sucinta da causa da súa exclusión.

**41.** A proposta de resolución definitiva elevarase ao órgano competente que resolverá de forma motivada.

**42.** As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algún a favor das persoas candidatas propostas fronte á administración municipal até que non se publique a resolución definitiva.



**43.** Unha vez publicada a resolución definitiva, as persoas seleccionadas disporán dun prazo de 5 días naturais para a súa aceptación, que deberá ser comunicada por escrito ao SME a través dos rexistros municipais ou en calquera das dependencias a que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Transcorrido dito prazo sen que se produza tal comunicación entenderase que renuncia da súa participación no programa. De se presentar a comunicación por medio dalgún rexistro non municipal deberase remitir copia escaneada da mesma (co selo de rexistro de entrada) por correo electrónico ao SME ([educacion@coruna.es](mailto:educacion@coruna.es)) dentro do prazo de aceptación.

**44.** As persoas participantes incluídas na listaxe de agarda substituirán, por orde de puntuación, ás seleccionadas que renuncien á súa participación no programa ou que non poidan participar nel.

**45.** A resolución definitiva esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición diante do órgano que resolveu, no prazo dun mes, na forma e condicións que determina a Lei 39/2015, do 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ser impugnada directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de publicación da resolución, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## PROTECCIÓN DE DATOS

**46.** Os datos rexistrados polas persoas participantes no programa educativo, serán recollidos e tratados conforme ao Regulamento xeral de protección de datos RGD (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016 e empregaranse exclusivamente para a realización do programa.

**47.** Os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade do Concello da Coruña e as persoas interesadas poderán exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello da Coruña, praza de María Pita, 1 - 15001 A Coruña.

**48.** O Concello da Coruña, como responsable do seu tratamento, facilitará á empresa xestora do contrato, encargada do seu tratamento, os datos seguintes de carácter persoal relativos ás persoas seleccionadas, aos seus titores legais e outros membros da familia que aparecen na solicitude: nome e apelidos, DOE, teléfonos e correos, enderezo, grado de discapacidade así como a porcentaxe da cota que lles corresponda achegar e o seu importe. A empresa xestora do contrato tratará os datos única e exclusivamente conforme ás instrucións do responsable do tratamento.

## INDICACIÓNS FINAIS

**49.** A presentación da solicitudes implica a aceptación das bases da convocatoria e das condicións establecidas polas autoridades federais norteamericanas para a participación neste programa de intercambio.

**50. IMPORTANTE:** a concesión definitiva da bolsa está condicionada ao cumprimento dos requisitos esixidos polas Autoridades Federais Norteamericanas para participar no programa de intercambio (referidos a: estado de saúde, nivel de inglés, pasaporte...) da persoa seleccionada, así como á concesión do visado correspondente.

A Coruña, 19 de outubro de 2018

Susana Vara Bilbao  
Xefa de departamento de Educación

Vº Pº  
Belisario Sixto San José  
Xefe de servizo de Educación

ANEXO I

Programa Educativo Municipal “A Coruña no Mundo:  
Bolsas de estudos *Junior Year* 2019/2020 - 1º de Bacharelato en EE.UU.”

Nome e apelidos da persoa participante: \_\_\_\_\_

Centro: \_\_\_\_\_

I.- INFORME DE TITORÍA

Puntuar as diferentes características persoais da persoa participante no proceso de selección das “Bolsas de estudos *Junior Year* 2019/2020 - 1º de Bacharelato en EE.UU.” consonte o seguinte baremo:

Baixa 0  
Media 0.5  
Alta 1

As puntuacións deben de ser acordadas pola persoa responsable da titoría de 3º da ESO tras consultar co resto do equipo docente e coa persoa responsable do departamento de orientación. No caso de que non seguise a persoa responsable da titoría e/ou do departamento de orientación, intervirá a persoa responsable da xefatura de estudos do centro.

A puntuación do baremo aplicarase á persoa participante tomando como referencia comparativa as características persoais dos/as compañeiros/as da súa mesma idade.

<u>Características Persoais</u>	<u>Puntuación</u>
Madurez persoal e afectiva	
Responsabilidade nos seus dereitos e deberes	
Iniciativa e autonomía	
Carácter aberto, sociábel e tolerante	
Hábitos saudábeis	
TOTAL	

TITORÍA 3º DA ESO

Selo

Asdo. \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_

ANEXO I (continuación)

Programa Educativo Municipal "A Coruña no Mundo:  
Bolsas de estudos *Junior Year 2019-2020*- 1º de Bacharelato en EE.UU."

Nome e apelidos da persoa participante: \_\_\_\_\_

Centro: \_\_\_\_\_

II. INFORME DA DIRECCIÓN DO CENTRO

- Por cada conduta establecida na pregunta Nº 1, se lle baixará 1 punto en relación aos puntos obtidos no apartado 1 deste Anexo.
- Por cada conduta establecida na pregunta nº 2, se lle baixarán 2 puntos.

1.- Durante os cursos de 3º e 4º da ESO, aplicóuselle ao alumno/a participante neste proceso algunha corrección por conduta contraria ás normas de convivencia do centro que implicasen suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou ao centro por un prazo máximo de tres días ?

SI

NON

En caso afirmativo, indicar cantas e explicar brevemente os motivos da/s corrección/s.

2.- Durante os cursos de 3º e 4º da ESO, aplicóuselle ao alumno/a participante neste proceso algunha corrección por conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro que implicasen a instrución dun expediente?

SI

NON

En caso afirmativo, indicar cantas e explicar brevemente os motivos da/s corrección/s.

Data:

DIRECCIÓN DO CENTRO

Selo

Asdo. \_\_\_\_\_

ANEXO II

Programa Educativo Municipal "A Coruña no Mundo:  
Bolsas de estudos *Junior Year* - 1º de Bacharelato en EE.UU."

DECLARACIÓN RESONSÁBEL  
PENSIÓN DE ALIMENTOS

(A cubrir unicamente de se estar a percibir pensión de alimentos en virtude de resolución xudicial por separación, divorcio ou nulidade matrimonial, ou adopción de medidas paternofiliais en favor dalgún membro da unidade familiar, ou de ter dereito á mesma)

D/D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, provisto/a de documento oficial de identidade \_\_\_\_\_,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

1º.- Que durante o ano 2016 percibiu a cantidade de \_\_\_\_\_ euros en concepto de pensión de alimentos en favor de membros que integran a unidade familiar.

2º.- (A cubrir só no caso de incumprimento total ou parcial do aboamento da pensión de alimentos durante o ano 2016)

Achega copia da admisión a trámite da demanda de execución ou da denuncia formulada como consecuencia da falta de pagamento da pensión:

Si

Non

No caso de non achegar copia da admisión a trámite da demanda de execución ou da denuncia realizarase o cómputo da renda co cómputo íntegro da pensión de alimentos que corresponda.

No caso de non se acreditar a contía que corresponda percibir en concepto de pensión de alimentos non se asignará puntuación no apartado de ingresos económicos familiares.

A Coruña, \_\_\_\_\_.

Asdo. \_\_\_\_\_